

ESTREA EN NUMAX: 31.10.2025 | V.G. | +16 | 95 min

Arnold é un rato de mediana idade atrapado nunha crise existencial. O seu matrimonio véñse abaixo, a súa vida parécelle absurda e empeza a sospeitar que todo é unha gran farsa. Cando o seu mellor amigo morre en circunstancias sospeitosas, Arnold decátase de que algo non encaixa.

O pase do sábado 1 de novembro contará con presentación e coloquio a cargo do autor. O filme será proxectado na súa versión galega.

«Un atinadísimo retrato do mundo ultracapitalista que construímos»

Begoña Piña, CINEMANÍA



Entrevista con Alberto Vázquez: «Esta película é como unha mestura entre Mickey Mouse, 'O Show de Truman' e unha peli de Buñuel»

Por Carlos Penela

Decorado nace dunha curtametraxe que xa foi recoñecida internacionalmente. Que te impulsou a expandir esta historia ata convertela nunha longametraxe? En realidade é unha historia bastante longa, porque vén dunhas historias de cómic curtas que eu fixen alá polo 2011. Collo esa idea de historias curtas e de gags que tiña, historias dunha páxina, de media páxina, de catro viñetas, e xúntoas con esa narrativa que ten a curtametraxe que é moi fragmentada. Anos despois a curta queda aí, eu non tiña o plan de facer unha película, pero xunto con Xavi Manuel, o coguionista desta película, temos a idea de facer unha serie de animación para adultos. Empezamos a escribir o que se chama unha biblia, un dossier con sinopse de capítulos. Pero claro, as series de animación para adultos son difíciles de financiar ou de atopar o seu lugar, non hai televisións que as paguen e ao final quedou aí unha cousa con moito material. Ao final o que fixemos foi expandir tramas, personaxes e ideas. As longametraxes axúdanche a chegar a máis público e neste a película foi a consecuencia dunha serie de coincidencias.

Ao dar o paso á longametraxe dubidastes de se manter o branco e negro da curta? Si, a miña idea ao principio era manter a mesma narrativa de gags que a curta, pero non funcionaba na longametraxe co que pasei a unha narrativa máis normal. O branco e negro e o gravado, que é moi chulo na curta, parecíame bastante árida para unha peli de 90 minutos. Ademais, a cor ten algo expresivo e narrativo que me dá pena perdelo, porque a cor conta cousas, narra, axuda na narrativa. Gústame que a cor sexa simbólica, expresiva, e dábame pena perder esa posibilidade.

Alberto, o teu traballo sempre se move entre o poético e o escuro, entre o adorable e o perturbador, sempre cun equilibrio perfecto. Como logras manter ese equilibrio sen que una parte eclipse á outra? Hai algo de consciencia e de inconsciencia. Cando traballo, cando escribo, traballo desde o inconsciente. Cando xa está a acabar a película, cando imos pola metade, é cando podo racionalizar todo o que fago. Ao principio traballas desde o teu interior. Entón, ese equilibrio está buscado, pero dunha maneira bastante natural. Non é unha cousa que eu poida equilibrar, isto non é unha receita de ingredientes. A sensación que teño nesta película é que a comedia si que lle pode un pouquiño ao drama en bastantes momentos, pero logo o drama é potente e eclipsa todo o demais. Tamén atopamos pímulas de peli de terror. Eu creo que esa mestura de tons e de intencións está no meu estilo, pero de verdade que non podo equilibralo, dalgunha maneira sáeme natural. Creo que iso é parte de nós, todos somos unha mestura entre comedia e drama. A nosa vida pode ser unha comedia ou un drama, segundo como a vexas.

Que diferenza atopas entre as túas anteriores obras como *Unicorn Wars* ou *Psiconautas* e este novo traballo? As diferenzas son bastantes e ao mesmo tempo non tantas. Ao final, traballo sempre con estes personaxes antropomorfos, estes animais que remiten un pouco aos inicios da animación, aos inicios do cómic, aos contos, ás fábulas, creo que son como personaxes universais. Eu vexo unha evolución como creador, pero ao mesmo tempo creo que as tres teñen un ton similar. Igual *Unicorn Wars* é máis violenta e *Psiconautas* máis depresiva. A diferenza que ten é que *Decorado* xoga moito máis co humor, con situacións absurdas. Eu defino sempre esta película como unha mestura entre Mickey Mouse, *O Show de Truman* e unha peli de Buñuel. Tamén me impactou bastante unha serie, *Segredos dun matrimonio*, de Ingmar Berman, que era unha relación entre un matrimonio de mediana idade. Dalgunha maneira quixen traela tamén a esta película, que, aínda que sexan animalíños, os seus problemas son moi humanos.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Decorado (Art Book),
Alberto Vázquez.
Astiberri

Psiconautas,
Alberto Vázquez.
Astiberri

Unicorn Wars,
Alberto Vázquez.
Divisa (BluRay)